

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, DE 17 DE XANEIRO DE 2013

LUGAR: Sala de xuntas do Edificio de Servizos Centrais de Investigación

DATA: 16 de xaneiro de 2013

HORA DE COMEZO: 12:34 horas

HORA DE REMATE: 14:05 horas

ASISTENTES

Ricardo Cao Abad, vicerreitor de investigación

Jaime Rodríguez González, director do SAI

Andrés de Blas Varela

Andrés Martínez Lage

Carlos Jiménez González

Ginés Nicolás Costa

José Manuel López Vilariño

José María Aguiar Paz

Juan Antonio Castro Amado

José Luis Barriada Pereira en delegación de Pilar Rodríguez Barro

Soledad Muniategui Lorenzo

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

AUSENTES

Antonio Paz González

Joaquín Suarez López

Jorge Sanjurjo Sánchez

Julián Yáñez Sánchez

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se proceder, da acta da reunión anterior
2. Informe da dirección
3. Aprobación, se proceder, da proposta de cambio de tarifas
4. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

Ricardo Cao, o vicerreitor de investigación, preséntase ao comezo da reunión da comisión de usuarios.

Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

Andrés de Blas Varela pide que se recolla na acta que a actividade prioritaria dos SAI é dar servizo as investigadores. Como varios asistentes aportan a súa visión sobre o tema, o vicerreitor propón pasar este tema á rolda de preguntas. Tamén propón un cambio na redacción da acta no punto do FEDER 2010, xa que o prazo ampliouse nun ano, e non nun curso académico e que na rolda de preguntas, onde di “análises para unha empresa finalista” diga “análises finalista”.

Tras estes trocos apróbase a acta da reunión anterior, con data de 16 de xullo de 2012.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

O vicerreitor comenta que o cambio que houbo nas bases do ministerio fai moi difícil poder afrontar a cofinanciamento do FEDER, e que isto obrigou a priorizar as peticións.

O director discúlpase xa que a comisión faise con retraso, pero se tratou de facela coincidir coa reunión do Consello Social.

- Novo equipamento

UAE: instalouse un novo Láser Coulter para dar apoio ao actual que é de 1999.

UTC: equipo de extracción de disolventes presurizados para reducir os tempos de análise e polo tanto os tempos de resposta.

NeoSai: Este sistema de xestión que funciona dende o 2008 amplíase cun módulo que permite o acceso dos usuarios aos seus informes en liña.

Software: Sieve 2.0 que permite identificar compostos en rutas metabólicas a través de perfíles de LC/MS.

- Na web do SAI e por cuestión relacionadas coa ISO 9001 están expostos os tempos de resposta das unidades. Lémbrese que tamén hai unha aplicación para calcular o custo dos análises.
- Dende o 29 de novembro do 2012 a Secretaría Técnica pasou a chamarse Unidade de Coordinación de Laboratorios (UCLA).
- Persoal:

1. Causou baixa no SAI, Marta Mato, que traballaba na UAE cun contrato da convocatoria Isabel Barreto que rematou en decembro.
 2. Incorporouse Catalina Sueiro á UM grazas ao convenio asinado con SANOR.
 3. Incorporouse Vanesa Juncal á UTC cun contrato 3+3 de técnico especialista. Terá horario de tarde para poder axilizar o traballo na unidade.
- Auditorías do ano 2012:
 1. Instalación radiactiva composta polos difractómetros de monocristais, a unidade de datación e o contador de partículas.
 2. ISO 9001: No mes de marzo fíxose a auditoría do 2012 e hai 2 días a do 2013.
 3. ISO 17025: Fíxose unha auditoría de seguimento e cambio de alcance no ensaio de PCDD/F e dl-PCBs. No caso do expediente de augas pasouse unha auditoría en novembro de 2012 e hai ata marzo de 2013 para presentar evidencias.
 - FEDER 2010

Hai problemas para acadar o cofinanciamento, polo que o mais seguro é que soamente se financien dúas das peticións. O criterio que se usará será a puntuación da ANEP. Pode que tamén se teña que recortar a cantidade orzamentada nun 10-15%.

Andrés de Blas pregunta qué se vai facer coas outras peticións, as opcións dadas polo director do SAI e o vicerreitor son devolver os cartos concedidos ou pedir unha nova prórroga, aínda que pensan que é inverosímil conseguir o cofinanciamento no 2014, e os xuros que habería que devolver serían maiores.

Jaime Rodríguez propón a posibilidade de que os grupos interesados puideran aportar parte do financiamento.

Carlos Jiménez pensa que agora mesmo que é máis interesante comprar equipamento para renovar ao actual pola súa antigüidade.

Soledad Muniategui de cómo se elaboraron as petición, Jaime Rodríguez indica que a vicerreitoría pediu suxestións aos grupos de investigación como en outras convocatorias, Soledad solicita que se lles de oportunidade aos grupos que soportaron as peticións, participar no financiamento. O vicerreitor responde que si se ten presente. Ábrese un debate no que se lembra que esta modalidade empregouse algunha outra vez, tanto en informática coma en ciencias.

- Enquisas de satisfacción.

Este ano fixéronse a través da rede e para incentivar a participación fíxose un sorteo de análises. As respostas aumentaron dun 20 a un 25%. Os resultados obtidos foron similares aos de outros anos, soamente unha persoa queixouse dos tempos de resposta e a maioría dos comentarios foron positivos.

- Cambios no ESCI

Por motivos de seguridade quérese instalar no edificio un control de accesos. As portas do ESCI estarán pechadas e o acceso farase coa tarxeta da UDC que se activará con esa función.

Se activarán as tarxetas das persoas que deixen mostras habitualmente ou usuarios de autoservizo.

O sistema é de entrada e de saída polo que ao saír do ESCI sempre haberá que pasar a tarxeta, se non se pasa non se poderá volver a entrar.

O obxectivo deste sistema é a protección do edificio e das persoas que nel traballan, pois aquí ademais de ter unha instrumentación moi custosa, está o equipamento informático que leva os servidores da universidade, realízanse ensaios acreditados e está a instalación radiactiva.

O acceso das persoas sen tarxeta será chamando ao porteiro automático.

Ábrese un debate sobre cómo afecta o sistema ao desenvolvemento dos cursos que se fan no ESCI (CUFIE e AFI) e por outra banda cómo informar aos usuarios interesados de que poden activar as súas tarxetas. Fálase tamén de que en edificios de outras entidades con controis de acceso, avísase da chegada das visitas e as van a buscar á entrada.

Jaime Rodríguez informa de que tamén se controlará con tarxeta o acceso á UAE e UAA. Verónica Fernández-Villarrenaga propón que nas unidades con acceso con tarxeta se poña un timbre para saber que hai persoas esperando fóra dos laboratorios.

- Tarifas

O director informa de que non se subirá o IVE nin o IPC e que fixéronse pequenas modificacións nas tarifas:

En UAE cobraránse os informes impresos e firmados, que xeralmente son solicitados por usuarios B e C, porque son informes nos que se fai interpretación de resultados.

Tamén hai un cambio no suministro de nitróxeno líquido. Ata agora a cada PDI usuario deste servizo se lle daban 70 litros de balde e logo se lle aplicaba a tarifa de 2€/L, agora esta oferta será para cada grupo de investigación do catálogo da UDC e non por PDI.

Andrés de Blas pregunta porqué suben as tarifas de UAE para B e C. Isto é debido a unha actualización co prezo dos funxibles. Andrés Martínez indica que tamén se engadiu a tarifa de horas de lectura en UBM.

As novas tarifas se aproban por asentimento.

Punto 4º. ROLDA DE PREGUNTAS

Andrés de Blas lembra que un dos técnicos de UAE, Marta Mato, finalizou o seu contrato e expresa a súa preocupación pola perda de coñecementos xa que a experiencia é moi importante no traballo que ela desenvolvía. Jaime Rodríguez comenta que Marta presentou unha solicitude no programa de persoal técnico de apoio de ministerio. Verónica Fdez-Villarrenaga comenta que este ano a convocatoria saíu moi tarde e desgraciadamente o contrato rematou antes da resolución.

O profesor de Blas tamén pregunta polo estado de dos dous equipo de po. Juan A. Castro, técnico especialista de UAE comenta que un deles non traballa ben por unha avaría que se solucionara, pero hai pouco o problema se reproduciu e agora mesmo o equipo non está operativo.

Andrés de Blas solicita que se informe cando se produzan cambios no persoal técnico. O director di que normalmente non se producen estes cambios.

José Manuel López Vilariño suxire que se poda realizar a alta do usuario e as solicitudes de análises en liña con sinatura electrónica, pero Jaime Rodríguez dille que aínda que é algo pensado, cree que agora mesmo é complicado. Tamén suxire que se se queren acreditar máis ensaios que sexan mais específicos e con marxes mais altos. Por outro lado comenta que nalgúns casos non se conseguen prazos de entrega definidos.

Ábrese un debate sobre a dificultade que hai ás veces de fixar un prazo de entrega que se axuste á realidade. Lembrando os tempos expostos na web do SAI, Soledad Muniategui di que hai que dar unha boa imaxe e que eses tempo tan grandes prexudican. José Manuel López Vilariño suxire que non se poñan. O director indica que cando se fai un orzamento si se indica un pazo de entrega, pero que os usuarios tipo A non traballan con orzamentos, pero tamén están amparados pola Iso 9001 e esta é unha forma de telos informados. Juan A. Castro comenta que se debería ter en conta o número de mostras, Ricardo Cao pregunta con qué períodos de tempo se calcularon eses tempos, e José Luis Barriada cree que os tempos vense afectados polas colas de mostras das unidades.

Soledad Muniategui quere transmitir os parabéns da Comisión de Usuarios aos técnicos que consolidaron as súas prazas. Tamén salienta que hai que tratar de manter os contratos de mantemento do grande equipamento dos SAI e que o servizo de mantemento de equipamento científico non pode arraxar. O director responde que todos os contratos do ano 2012 foron prorrogados e que se aumentaron arredor dun 20%. A profesora Muniategui quere deixar constancia do esforzo que fai a universidade en contratos de

mantemento e salienta que se negociaron ben, pero que na listaxe do servizo de mantemento xeral hai equipos delicados para os que non teñen a capacitación necesaria, e pon de exemplo equipos do seu grupo que están nesa listaxe e que a reitoría sacounos de contrato coa casa comercial.

Sen mais temas que tratar levántase a sesión ás 14:05 h.

A secretaria

Visto e prace

O director do SAI

Verónica Fernández-Villarrenaga Martín

Jaime Rodríguez González